

<i>Dependencia</i> CIR.- Servizo de Circulación e Seguridade Cidadá 317.-MMOBE		
<i>Documento</i> CIRZI1VF	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-07-1511:04

CONVOCATORIA GAITEIROS E CANTANTES CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA
LÍRICOS
Asunto

15078DCIRZÍ1VFC

1

DECRETO.- Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2015

A Disposición Final Primeira da Ordenanza Municipal de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública establece que:

En aplicación desta normativa, a Alcaldía, ou a Concellería delegada competente, ditaré as resolucións que procedan para garantir o seu correcto cumprimento e completar o seu obxecto con maior detalle.

En desenvolvemento do disposto no artigo 109 e ss. da Ordenanza Municipal de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública, esta concellería elaborou unhas normas para regular as autorizacións da celebración de actividades artísticas na vía pública promovidas por particulares.


Por Decreto de 25 de novembro de 2013, o Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade acordouse a aprobación destas normas, dándose conta deste acordó á Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 28 de novembro do mesrno ano.

O desenvolvemento e execución das normas correspondentes ás actividades artísticas e especialmente a aplicación das determinacións contidas na Disposición 8^o das mesmas, ás actividades musicais, foi obxecto de diversas alegacións e queixas formuladas polos músicos que ten levado a esta Concellería a replantearse o sistema de selección, cando o número de solicitudes excede dos lugares autorizables.

Tras escoitar as propostas dos artistas e estudar diversas formulas como alternativas á regulación actual, tomouse a decisión de modificar as normas e intentar a posta en práctica dun sistema máis equitativo, que permita a tódolos músicos desenvolver a súa actividade, en todos os lugares permitidos e ampliar o número de lugares autorizables.

Por Decreto de 20 de setembro de 2014 se dicta por esta concellería unha nova resolución para establecer unha regulación específica a respecto do Arco do Pazo de Xelmírez, co fin de dar un soporte legal á situación que de facto estíbese a producir, xa que dito espazo, non incluído na normativa aplicable, estaba a ser utilizado sen a correspondente autorización.

É por todo elo, que esta concedería redactou unhas novas normas que modifican substancialmente a Disposición 8^a da normativa anterior e o Anexo I e incorpora un novo Anexo III no que se recolle a regulación do Arco do Pazo de Xelmírez, mediante Decreto de 12 de decembro de 2014.



CONCELLO DE
SANTIAGO

Dependencia
CIR.- Servizo de Circulación e Seguridade Cidadá
317.-MMOBE

Documento
CIRZI1VF

Expediente

Fecha
30-07-1511:04

Sello o Certificación Mecánica

Ata a data non se planteó ningún conflito coa aplicación desta modificación; poren, na actualidade a xestión do espazo correspondente ó Arco do Pazo de Xeimirez está xenerando problemas cos autorizados para este trimestre de 2015, non só entre eles senon tamén con aqueles gaiteros e cantantes líricos que por descoñecer a modificación operada no mes de decembro de 2014, coa incorporación deste espazo as actividades artísticas, non chegaron a acceder ás listas de candidatos.

Ainda que no seu día o Decreto que incorporou este espazo foi publicado na páxina web e no taboeiro de edictos, moitos artistas que acceden á cidade neste periodo estival descoñecían a posibilidade de poder actuar no arco do Pazo de Xeimirez xa que, como se ten sinalado anteriormente, este emprazamento non estaba previsto para destíñalo a esta actividade en anos anteriores.

Por elo esta Concelaría de Medio Ambiente e Convivencia plantexa a posibilidade de abrir un novo prazo extraordinario, convocando ós gaiteros e cantantes líricos que queiran desenvolver a súa actividade artística nese espazo e que por descoñecemento non presentaron a súa solicitude no prazo reglamentariamente establecido.

Ademáis para facer factible a actuación de tódolos gaiteros e cantantes líricos que desexen desenvolver a súa actividade no Arco de Palacio estimase necesario suprimir a limitación existente a respecto a reserva das dúas últimas quendas para os cantantes líricos, polo que o Anexo III, quedará, a respecto do horario do seguinte xeito:

A Actividade desenvolveranse en seis quendas diarias, cos seguintes horarios:

- 10- 11:30; 11:30- 13; 13- 14:30; 16:30-18; 18:19:30; 19:30 a 21.30 horas.

O prazo para esta convocatoria extraordinaria será dende o 3 de agosto ata o 6 de agosto; ámbolos dous días inclusive, publicándose no taboeiro de edictos do Concello e na páxina web.

O 10 de agosto publicarase nos mesmos medios a listaxe definitiva que incorporará ós artistas xa incluídos na listaxe autorizada xunto con aqueles gaiteros e cantantes líricos que o soliciten nesta nova convocatoria, seguindo a orde de prelación que xa fora establecida anteriormente, na convocatoria xeral deste trimestre.

En principio, e en base o acordó acadado nas diversas reunións mantidas con representantes dos gaiteros e cantantes líricos, procederán a autoxestionarse establecéndose previo acordo entre eles a orden das actuacións, segundas quendas aprobadas. Poren, no suposto de que non se acade o desexable consenso entre eles, primará a orde da listaxe publicada, ocupando cada quenda o artista que lle corresponda.

II A Xunta de Goberno Local na súa sesión de 17 de xuño de 2015 acordou delegar a competencia sinalada na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no relativo á concesión de autorizacións para o aproveitamento especial dos bens de dominio público; ase como o seu uso privativo, con instalacións desmontables ou bens mobles ou cunha duración ou uso non superior a un ano no Concelleiro Delegado de Medio Ambiente e Convivencia.

<i>Dependencia</i> CIR.- Servizo de Circulación e Seguridade Cidadá 317.-MMOBE		
<i>Documento</i> CIRZI1VF	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 30-07-1511:04

III Visto o exposto nos parágrafos anteriores; así como na Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local modificada polas Lei 11/99 do 21 de abril e na Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a modernación do goberno local e demais normativa de aplicación, especialmente o disposto na Lei 33/2003 de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e as Ordenanzas Municipais de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública e Convivencia, Residuos e Limpeza Viaría.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- APROBAR a modificación do ANEXO III das normas que regulan a autorización da celebración de actividades artísticas na vía pública promovidas por particulares, no relativo ó horario e número de quendas, que quedará coma segue:

A Actividade desenvolveranse en seis quendas diarias, eos seguintes horarios:

- 10- 11:30; 11:30- 13; 13- 14:30; 16:30-18; 18:19:30; 19:30 a 21:30m horas.

SEGUNDO.- CONVOCAR, con carácter extraordinario, ós gaiteros e cantantes líricos, exclusivamente, para que presenten as solicitudes no Rexistro Xeral para poder levar a cabo o desenvolvemento da súa actividade no Arco do Pazo de Xelmírez. O prazo para esta convocatoria extraordinaria será dende o 3 de agosto ata o 6 de agosto; ámbolos dous días inclusive, publicándose no taboero de edictos do Concello e na páxina web.

O 10 de agosto publicarase nos mesmos medios a listaxe definitiva que incorporará á listaxe xa autorizada, aqueles gaiteros e cantantes líricos que o soliciten nesta nova convocatoria, seguindo orde de prelación que xa fora establecida anteriormente, na convocatoria xeral deste trimestre.

TERCEIRO.- APROBAR que a xestión do espazo, de conformidade coas quendas establecidas para o desenvolvemento da actividade, se leve a cabo de común acordo entre os artistas admitidos e incluídos na listaxe que se publicará. Poren, no suposto de que non se acade o desexable consenso entre eles, primará a orde da listaxe publicada, ocupando cada quenda o artista que lle corresponda segunda mesma.

Notifíquese o presente decreto ós interesados e os demais negociados, seccións e servizos correspondentes.

O CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA

Xan Xesús Duro Fernández

